

O GLOBO QUE INFLA SÓ

Que perseguimos?

Queremos que un globo se infle por si só.

Que material precisamos?

Para este experimento precisamos unha botella, un globo, bicarbonato e vinagre. Tamén a axuda dun adulto.



Como fixemos?

Botamos o vinagre no interior da botella e o bicarbonato en pó no interior do globo. Cando unimos o globo ca botella, o bicarbonato mestúrase co vinagre e esta unión infla o globo.

Conclusións:

Ao mesturar o vinagre e o bicarbonato creamos unha reacción química que emite gas que fai que se infle o globo por si só.



